

CONCRECIÓN ANUAL

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL (POAP)

CURSO 2025 - 2026



I.E.S. ANTÓN ALONSO RÍOS
TOMIÑO

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES PREVISIBLES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.....	
3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO.....	
4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN ANUAL.....	10
5. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	13

1. INTRODUCCIÓN

A orientación académica e profesional nun centro educativo de Educación Secundaria xoga un papel fundamental no desenvolvemento integral do alumnado, ofrecendo apoio personalizado para a toma de decisións informadas en relación ao seu futuro académico e profesional. A súa importancia radica en varios aspectos clave:

- **Apoio á toma de decisións:** o alumnado de Secundaria comeza a enfrontarse a importantes decisións sobre o seu futuro como a elección de itinerarios ou especialidades (científico, humanístico, tecnolóxico, etc.), a elección de materias optativas ou a continuidade nos estudos de Bacharelato ou Formación Profesional. A orientación permite que os estudantes tomen decisións ben fundamentadas, tendo en conta os seus intereses, habilidades e as súas metas profesionais.
- **Coñecemento das opcións educativas e laborais:** a orientación académica e profesional facilita ao alumnado o acceso á información actualizada sobre as distintas opcións de formación (Bacharelato, ciclos de Formación Profesional, ciclos formativos de grao medio e superior, etc.) e as posibilidades laborais que existen no mercado, permitindo que se adapten aos cambios sociais e económicos.
- **Desenvolvemento de competencias persoais:** a orientación tamén se encarga de traballar a autocoñecemento do alumnado, axudándoo a identificar as súas fortalezas, intereses e posibles áreas de mellora. Este proceso fomenta o desenvolvemento de competencias sociais e emocionais, como a autonomía, a autoestima e a capacidade de planificar o futuro, fundamentais tanto no ámbito académico como no profesional.
- **Prevención do fracaso escolar e o abandono educativo:** unha boa orientación pode detectar a tempo dificultades académicas ou de motivación, proporcionando ao alumnado as ferramentas necesarias para superar os obstáculos e evitar o abandono escolar. Tamén xoga un papel importante na motivación do alumnado, promovendo unha mentalidade positiva e un compromiso co seu proceso educativo.
- **Preparación para o mercado laboral:** a orientación profesional prepara aos estudantes para comprender mellor as esixencias do mercado de traballo, tanto no que se refire ás competencias técnicas e profesionais como ás habilidades transversais, como o traballo en equipo, a comunicación e a resolución de problemas.
- **Apoio nas transicións:** a orientación tamén é crucial para guiar ao

alumnado durante os momentos de transición, como o paso de Secundaria a Bacharelato ou Formación Profesional, ou a entrada no mundo laboral, garantindo que os estudantes se sentan preparados e informados sobre as mellores opcións para o seu futuro.

En resumo, a orientación académica e profesional nun centro de Secundaria é esencial para apoiar ao alumnado na súa formación integral, axudándoo a tomar decisións, a desenvolver as súas competencias persoais e a preparar o seu futuro profesional. Polo tanto, a presente concreción anual deriva do Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP) aprobado polo Consello Escolar o 5 de decembro de 2024. Este documento concreta as actuacións específicas para o curso 2025-2026.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES DETECTADAS NO CURSO ANTERIOR.

Tendo en conta a memoria do Plan Anual do Departamento de Orientación do curso pasado, detectáronse as seguintes necesidades en canto á atención á diversidade:

A. NECESIDADES ORGANIZATIVAS E DE COORDINACIÓN:

- ❖ Necesidade de seguir a sensibilizar cara a Atención á Diversidade a todos os membros da comunidade educativa, insistindo na conciencia e aplicación afectiva dos principios educativos de normalización, individualización e atención á diversidade tal e como propugna o sistema educativo.
- ❖ Necesidade de mellorar a organización dos horarios de apoio PT debido a que se proporcionaban recursos humanos de maneira puntual ao longo do curso, o cal implicaba modificacións frecuentes destes horarios.
- ❖ Necesidade de inserir os aspectos básicos da atención á diversidade coa planificación de actividades do plan de convivencia e co PAT.
- ❖ Necesidade de contar cos recursos humanos necesarios para poder proporcionar atención educativa acorde ás necesidades do alumnado.
- ❖ Necesidade de mellorar a coordinación e implicación do equipo docente para a finalización do protocolo de atención de atención ao alumnado procedente do estranxeiro.

B. NECESIDADES DO PROFESORADO:

- ❖ Necesidade de atender ao aumento de demandas de asesoramento por parte do profesorado para atender ás necesidades emocionais dos seus titorandos/as.
- ❖ Necesidade de acompañar ao profesorado nas entrevistas coas familias ou alumnado que requiran coñecementos específicos pola súa particularidade.
- ❖ Necesidade de manter unha adecuada coordinación cos mestres PT e co profesorado das distintas áreas a reforzar.

C. NECESIDADES DO ALUMNADO:

- ❖ Necesidade de apostar por unha atención á diversidade de inclusión que favoreza o desenvolvemento integral do alumnado.
- ❖ Necesidade de atender o aumento das demandas de atención ao alumnado debido á presenza de sintomatoloxía ansiosa e/ou estado anímico baixo, a maioría, como consecuencia da COVID-19.

D. NECESIDADES DAS FAMILIAS:

- ❖ Necesidade de recibir e proporcionar a información das necesidades do alumnado, das medidas adoptadas e do seu seguimento.
- ❖ Necesidade de asesoramento e coordinación co profesorado-titor, profesorado e Departamento de Orientación.
- ❖ Necesidade de que as familias faciliten a coordinación, se procede, con outros profesionais externos que atenden o alumnado.

E. NECESIDADES COAS ENTIDADES EXTERNAS:

- ❖ Necesidade de deseñar accións de colaboración coas entidades que participan na educación do alumnado.
- ❖ Necesidade de realizar actuacións conxuntas de prevención e intervención das necesidades específicas de apoio educativo.

3. OBXECTIVOS PARA O PRESENTE CURSO.

Os obxectivos prioritarios para o desenvolvemento deste curso 2025-2026 son:

1. Facilitar a toma de decisións académicas e profesionais do alumnado.
2. Fomentar o autocoñecemento e a madurez vocacional.
3. Garantir a información actualizada sobre itinerarios formativos e saídas profesionais.
4. Favorecer a coordinación entre etapas educativas e entre os distintos departamentos docentes.
5. Potenciar o asesoramento individualizado a alumnado e familias nos momentos de cambio de etapa.

4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN ANUAL.

Para acadar os obxectivos do Plan de Orientación Académico-Profesional (POAP) do centro, levaranse a cabo unha serie de actuacións seguindo o seguinte cronograma:

➤ **6º Primaria:**

TRIMESTRE	CONTIDOS	ACTIVIDADES	RESPONSABLES
2º trimestre	Coordinación entre centros	Reunións entre orientadores/as e titores/as de 6º de Primaria e de 1º ESO para compartir información sobre o alumnado e planificar a acollida.	Departamento de Orientación, Xefatura de Estudos
3º trimestre	Preparación do alumnado e familias	Charlas informativas nos CEIP adscritos sobre o funcionamento da ESO, visitas guiadas ao IES e actividades conxuntas co alumnado de 1º ESO.	Departamento de Orientación, Equipo Directivo, Tutorías de 1º ESO
Inicio de curso seguinte	Acollida e seguimento	Xornadas de benvinda, tutorías específicas de adaptación e entrevistas de seguimento co alumnado e familias durante o primeiro trimestre.	Tutorías de 1º ESO, Departamento de Orientación

➤ **1º ESO, 2º ESO, 3º ESO e 1º FP Básica:**

TRIMESTRE	CONTIDOS	ACTIVIDADES	RESPONSABLES
1º trimestre	Autocoñecemento	Recollida de información inicial sobre as aptitudes, intereses, personalidade, etc. do alumnado.	Titor/a, Departamento de Orientación
	Coñecemento do sistema educativo	Presentación da ESO: estrutura, materias que se imparten en cada nivel, criterios de promoción, etc.	
2º trimestre	Hábitos de traballo	Establecemento dun horario de estudo persoal sen menoscabo do tempo de lecer e das responsabilidades no fogar.	Titor/a

		Técnicas de estudo e dinámicas de traballo.	
3º trimestre	Orientación académica e profesional	- Coñecemento do próximo curso escolar: materias, optatividade e as súas implicacións. - Coñecemento de alternativas á ESO: FP Básica, probas de acceso a ciclo medio, ESA, ... - Cumplimentación da pre-matrícula (aías en 1º FPB).	Departamento de Orientación e Tutoría

➤ **4º ESO e 2º FP Básica:**

TRIMESTRE	CONTIDOS	ACTIVIDADES	RESPONSABLES
1º trimestre	Autocoñecemento	Recollida de información inicial sobre as aptitudes, intereses, personalidade, etc. do alumnado.	Titor/a, Departamento de Orientación
	Coñecemento do sistema educativo	Título da ESO e FP Básica: criterios de titulación.	
2º trimestre	Hábitos de traballo	- Establecemento dun horario de estudo persoal sen menoscabo do tempo de lecer e das responsabilidades no fogar. - Técnicas de estudo e dinámicas de traballo.	Titor/a
3º trimestre	Orientación académica e profesional	- Adicar a meirande parte das sesións de tutoría á orientación académica e profesional. - Presentación sobre estudos superiores: Bacharelato, ciclo medio de FP, ensinanzas especiais, etc. - Cuestionario do Programa Orienta en relación ao bacharelato e os ciclos de FP.	Departamento de Orientación

➤ **Bacharelato:**

TRIMESTRE	CONTIDOS	ACTIVIDADES	RESPONSABLES
1º trimestre	Autocoñecemento	Recollida de información inicial sobre as aptitudes, intereses, personalidade, etc. do alumnado.	Titor/a
	Coñecemento do sistema educativo	Presentación do Bacharelato: estrutura, materias que se imparten en cada nivel, criterios de promoción, etc.	
2º trimestre	Hábitos de traballo	- Avaliación dos propios hábitos de traballo e adopción de hábitos e estratexias apropiadas para o estudo e a organización do traballo de acordo coas características singulares de cada situación persoal. - Consolidación de hábitos de estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal	Titor/a
3º trimestre	Orientación académica e profesional	- ABAU: procedemento, nota de acceso á universidade, ponderación de materias, notas de corte, titulacións do sistema universitario galego, prazas de cada grado, becas,... - Os CS da FP: vinculacións coas modalidades de bacharelato, o acceso a través de probas.	Departamento de Orientación e Tutoría

➤ **FP (ciclo medio):**

TRIMESTRE	CONTIDOS	ACTIVIDADES	RESPONSABLES
1º trimestre	Autocoñecemento	Análise da traxectoria persoal para formarse unha imaxe adecuada de sí mesmos, das súas características e posibilidades, valorando a súa	Titor/a e Departamento de Orientación

		experiencia, o seu esforzo e a superación das dificultades. As necesidades educativas e persoais.	
	Coñecemento do sistema educativo	• Estudio das opcións que teñen para continuar os estudos.	
2º trimestre	Hábitos de traballo	• Avaliación dos propios hábitos de traballo e adopción de hábitos e estratexias apropiadas para o estudo e a organización do traballo de acordo coas características singulares de cada situación persoal • Consolidación de hábitos de estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal	Titor/a
3º trimestre	Orientación académica e profesional	• Elaboración dun proxecto persoal de estudos e busca de traballo realista e axustado aos seus intereses, aptitudes e necesidades. • Desenvolvemento e consolidación do espírito emprendedor e a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.	Departamento de Orientación e Coordinación de FCT

5. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

Ao longo do curso, realizarase o seguimento do desenvolvemento da concreción anual do POAP. Os momentos da avaliación serán:

- Avaliación inicial: para detectar necesidades.
- Avaliación continua ou formativa: durante a posta en marcha das diferentes actuacións coa finalidade de modificar no proceso aquelas que resulten inadecuadas.
- Avaliación sumativa e final: ao final do proceso farase unha avaliación por parte de todos os participantes (familias, profesorado, alumnado, Orientación e Equipo Directivo) sobre aqueles aspectos que funcionaron ben, as dificultades atopadas, e aqueles aspectos que serán necesarios modificar. A evolución nos distintos momentos levarase a cabo nas reunións da CCP, reunións de titores, etc.

Así mesmo, teranse en conta os seguintes criterios de avaliación:

1. Grao de consecución de obxectivos.
2. Adecuación das actuacións para lograr atender á diversidade do alumnado e lograr a inclusión do mesmo.
3. Grao de coordinación entre o profesorado-titor e o resto do equipo educativo de cada grupo e de implicación do equipo docente na atención á diversidade.
4. Grao de coordinación do profesorado-titor entre si e deste coa xefatura de estudos e o departamento de orientación en relación ás medidas de atención á diversidade.
5. Contribución das actuacións desenvolvidas á mellora das relacións entre o centro e as familias.
6. Pertinencia das accións realizadas nos distintos ámbitos.

Cos resultados obtidos nestas avaliacións, a xefatura do Departamento de Orientación realizará, a final de curso, a memoria deste POAP (e, en consecuencia, incorporárase á memoria anual do centro) onde se reflectirán as actuacións e o grao de consecuencia da planificación, así como as propostas de mellora. Os resultados desta avaliación final constituirán o punto de partido para o vindeiro curso.

En Tomiño, a 30 de setembro de 2025.